



OBXECTO

As garantías financeiras en materia de residuos responden:

- Do cumprimento, fronte á administración, das obrigacións que se deriven do exercicio da actividade de produción e xestión dos residuos (Fianza).
- Da responsabilidade esixible por morte, lesións ou enfermidade das persoas, ou por danos nas cousas, que se deriven das operacións realizadas (Seguro de Responsabilidade Civil ou garantía financeira equivalente).
- Da responsabilidade ambiental inherente á actividade desenvolta (Garantía financeira de responsabilidade medioambiental) .

Están suxeitas á previa constitución de garantías financeiras as seguintes actividades:

- Produción de residuos perigosos.
- Xestión de residuos, incluídos os transportistas, os axentes e os negociantes.
- Os sistemas de responsabilidade ampliada, por conta dos produtores de produto sometidos á mesma.
- Calquera outro suxeito obrigado á súa constitución, en virtude das normas de aplicación.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto 208/2022, do 22 de marzo, sobre as garantías financeiras en materia de residuos.
- Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
- Orde do 16 de xaneiro de 2007 pola que se fixan os criterios de cálculo para a determinación da fianza.

ÓRGANO QUE TRAMITA

A mesma unidade tramitadora competente para a inscrición da actividade obxecto de constitución das garantías financeiras en materia de residuos (<https://sirga.xunta.gal/onde-estamos>).

FORMAS DE CONSTITUCIÓN DAS FIANZAS

As fianzas poderán constituírse mediante calquera das seguintes formas:

- a) Garantía constituída en efectivo.
- b) Aval, outorgado por entidades de crédito, establecementos financeiros de crédito ou sociedades de garantía recíproca debidamente autorizadas para desenvolver a súa actividade en España.
- c) Seguro de caución, formalizado con entidades aseguradoras debidamente autorizadas para desenvolver esta actividade en España.
- d) Outras formas de garantía das previstas no título IV do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, sempre que ofrezan un grao de protección equivalente aos instrumentos anteriores.

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro

San Lázaro, s/n,

15781 Santiago de Compostela

A fianza constituída, tanto en modalidade de aval ou de garantía en efectivo, deberá incluír a información relativa á entidade avalista, ao suxeito avalado, á autoridade a cuxa disposición se constitúe o aval, á contía do aval, ás garantías que quedan avaladas e ás condicións que debe reunir o aval. O suxeito obrigado debe remitir posteriormente o resgardo de constitución emitido pola devandita caixa ou institución, á administración competente a cuxa disposición se constitúe o aval ou as garantías en efectivo (ver modelo correspondente).

A fianza constituída, en modalidade de seguro de caución, deberá incluír a información relativa á entidade aseguradora, ao tomador do seguro, á autoridade a cuxa disposición se constitúe o aval, á contía do aval, ás garantías que quedan avaladas e ás condicións que debe reunir o seguro. O suxeito obrigado debe remitir posteriormente o resgardo de constitución emitido pola devandita caixa ou institución, á administración competente que figure no contrato como asegurado (ver modelo correspondente).

LUGAR DE DEPÓSITO DAS FIANZAS

Os documentos acreditativos depositaranse, ata a súa cancelación, na Caixa de Depósitos da Consellería de Facenda e Administración Pública ou en calquera dos seus departamentos territoriais, e enviarase o resgardo do depósito definitivo á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade ou ao servizo provincial que estea tramitando o procedemento.

Servizos centrais - Santiago de Compostela
Subdirección Xeral do Tesouro
Servizo de Tesouraría e da Caixa Xeral de
Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia
Enderezo: San Caetano, bloque 3, sótano
Tlf.: 981 545 120 / 881 995 083
caixa.xeral.depositos@conselleriadefacenda.es

Delegación da Axencia Tributaria
de Galicia na Coruña
DEPARTAMENTO DE RECADACIÓN
Enderezo: Praza de Pontevedra, 22-2º
Tlf.: 981 184 496 / 981 184 445
delegacion.coruña@atriga.es

Delegación da Axencia Tributaria
de Galicia en Lugo
DEPARTAMENTO DE RECADACIÓN
Enderezo: Ronda da Muralla, 70
Tlf.: 982 294 038 / 982 294 017
delegacion.lugo@atriga.es
xestion.lugo@atriga.es

Delegación da Axencia Tributaria
de Galicia en Ourense
DEPARTAMENTO DE RECADACIÓN
Enderezo: Rúa Progreso, 38
Tlf.: 988 687 273 / 988 687 277
delegacion.ourense@atriga.es

Delegación da Axencia Tributaria
de Galicia en Pontevedra
DEPARTAMENTO DE TESOURERÍA
Enderezo: Avda. Mª Victoria Moreno, 43-3º
Tlf.: 986 805 714
delegacion.pontevedra@atriga.es

Delegación da Axencia Tributaria
de Galicia en Vigo
DEPARTAMENTO DE TESOURERÍA
Enderezo: Rúa Concepción Arenal, 8
Tlf.: 986 817 296
delegacion.vigo@atriga.es

IMPORTE DAS FIANZAS E ACTUALIZACIÓN

Para fixar o importe das fianzas teranse en conta as circunstancias específicas da instalación, o tipo de actividade a desenvolver, ou que se trate dunha autorización que comprende varias operacións de tratamento para o mesmo suxeito.

A determinación da devandita contía levarase a cabo tendo en conta os criterios establecidos no anexo IV do Real Decreto 208/2022, do 22 de marzo, sobre as garantías financeiras en materia de residuos, podendo, en todo caso, a administración ambiental competente establecer, en situacións excepcionais e debidamente xustificadas, e para unha mellor adecuación ás condicións e circunstancias das instalacións ou da actividade do suxeito obrigado, un importe superior ou inferior da fianza.

Co obxecto de garantir a suficiencia da fianza e a súa adaptación aos cambios que se puidesen producir na capacidade ou o volume de actividade da instalación ou do suxeito obrigado, a fianza constituída deberá ser actualizada coa periodicidade e segundo o criterio que a autoridade ambiental competente estableza, cando determine a súa contía.

NOTA: Para os expedientes iniciados antes da entrada en vigor da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular seguirán sendo de aplicación os criterios establecidos na Orde do 16 de xaneiro de 2007 pola que se fixan os criterios de cálculo para a determinación da fianza.

FORMALIZACIÓN DE GARANTÍAS DE RESPONSABILIDADE CIVIL

Para suxeitos obrigados á constitución do seguro de responsabilidade civil, ou a garantía financeira equivalente, esta deberá cubrir as indemnizacións que puidesen corresponder:

- a) Por morte, lesións ou enfermidade das persoas.
- b) Por danos causados sobre as cousas ou animais, que non teñan a consideración de recursos naturais.
- c) Polos prexuizos que se deriven dos anteriores danos.

O certificado de dito seguro deberá incluír a información relativa á entidade aseguradora, ao asegurado, á suma asegurada, ás garantías que quedan cubertas polo seguro e ás condicións que debe reunir o seguro, e copia do contrato de seguro no caso de que lle fose solicitado (ver modelo correspondente)..

O montante da suma asegurada será establecido tomando en consideración o grao de exposición do suxeito obrigado ante eventos adversos, o tipo de actividade desenvolta, as características das instalacións, así como as condicións contractuais establecidas na póliza. En todo caso dita suma asegurada deberá establecerse tendo en conta a contía mínima indicada no anexo IV do Real Decreto 208/2022, do 22 de marzo, sobre as garantías financeiras en materia de residuos.

FORMALIZACIÓN DE GARANTÍAS DE RESPONSABILIDADE MEDIOAMBIENTAL

A constitución de garantías financeiras para cubrir a responsabilidade ambiental que, como consecuencia da súa actividade, poida ser esixible ás entidades ou empresas que interveñen na xestión dos residuos, estableceranse nas condicións, termos e contía previstos na Lei 26/2007, do 23 de outubro, de Responsabilidade Ambiental, e o Real Decreto 2090/2008, do 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de Responsabilidade Ambiental.

VIXENCIA E COMPROBACIÓN DAS GARANTÍAS FINANCEIRAS

As garantías financeiras deberán estar vixentes no momento en que se dea inicio á actividade, non podendo iniciarse ata que se acredite a súa vixencia.

A comprobación de que as garantías financeiras constituídas cumpren cos requisitos establecidos realizarase diferenciando entre os procedementos sometidos a comunicación previa (mediante acreditación documental) e os sometidos a autorización (mediante declaración responsable).

CANCELACIÓN E EXECUCIÓN DAS GARANTÍAS FINANCEIRAS

En caso de finalización da actividade garantida, previa solicitude do solicitado, unha vez acreditado o cumprimento das obrigacións que no seu caso se estableceron para o cesamento da actividade, e mediante resolución expresa, a autoridade que estableceu a obrigación procederá a declarar a extinción da obrigación e ordenará a cancelación da garantía.

Así mesmo, para a execución das garantías deberá levarse a cabo un procedemento administrativo no que se conclúa que debe procederse á súa execución.

ADAPTACIÓN DAS GARANTÍAS FINANCEIRAS VIXENTES

As garantías financeiras vixentes no momento da entrada en vigor do Real Decreto 208/2022, do 22 de marzo, sobre as garantías financeiras en materia de residuos, derivadas de inscricións no Rexistro de Produción e Xestión de Resíduos, adaptaranse ao previsto na presente norma no momento da renovación das autorizacións, ou nun prazo máximo de oito anos desde a entrada en vigor, ou con anterioridade se así é requirido pola autoridade competente.

Última modificación: maio 2024